

XVIII ENCONTROS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

Nas bocas do futuro: mocidade e lingua.

O COMPORTAMENTO LINGÜÍSTICO DA MOCIDADE DE GALICIA;
APROXIMACIÓN CUALITATIVA: GRUPOS
Un apuntamento dos principais resultados.



PERO ANTES...

ALGUNHAS REFERENCIAS METODOLÓXICAS:

- ✓ **A PERSPECTIVA CUALITATIVA SINALA, ILUSTRA E EXPLICA, PERO NON MIDE.**
- ✓ **A “SUBSTITUCIÓN” DO FENÓMENO POLO DISCURSO AO RESPECTO COMO OBYECTO DA ANÁLISE CUALITATIVA.**
- ✓ **A BUSCA DE ILUSTRACIÓN TÓPICA; A REDUCIÓN DE VARIANTES DE DISCURSO.**

NESTE CASO PARTICULAR:

- ✓ UN GRUPO URBANO, EN VIGO, DE CLASE SOCIAL MEDIA-ALTA, 16-18 ANOS.
- ✓ UN GRUPO NUNHA VILA, VIVEIRO, DE CLASE SOCIAL MEDIA, 19-21 ANOS.
- ✓ UN GRUPO NO RURAL, FRADES, TOURO, MELIDE, DE CLASE SOCIAL MODESTA, 22-25 ANOS.

DA ANÁLISE XORDEN UNHA SERIE DE EVIDENCIAS; OS NOSOS APUNTAMENTOS SOBRE:

- ✓ COMPORTAMENTOS DE CONSUMO CULTURAL.
- ✓ O EFECTO DA SOCIALIZACIÓN.
- ✓ A LINGUA COMO FACTOR DE IDENTIDADE.

COMPORTAMENTOS DE CONSUMO CULTURAL (I):

- ✓ FOCALIZADOS, PRINCIPAL E CRECENTEMENTE, NO CONSUMO AUDIOVISUAL MULTI-PLATAFORMA .
- ✓ CON POUCA PRESENZA DE HÁBITOS DE LECTURA.
- ✓ ESTES, CARACTERISTICAMENTE, CORRESPONDEN ÁS MOZAS, A LITERATURA CUNHA ORIENTACIÓN ESPECÍFICA BEN Á MOCIDADE -INTERNACIONAL, COSMOPOLITA- BEN AO MERCADO CARACTERISTICAMENTE FEMININO, EN ESPAÑOL.

COMPORTAMENTOS DE CONSUMO CULTURAL (II):

- ✓ AS REFERENCIAS DOMINANTES SON, POIS:
 - Pouco elaboradas.
 - De carácter audiovisual.
 - Miméticas e cosmopolitas.
 - Mediante consumo á carta.

- ✓ O QUE RESTA POTENCIAL DE INCIDENCIA:
 - Á literatura.
 - Aos medios convencionais.

- ✓ E, POR TANTO, AO GALEGO.

- ✓ ADEMAIS, NON HAI AUTO-PERCEPCIÓN COMO UTENTES DE LINGUA ESCRITA NIN BUSCA DE MODELOS LINGÜÍSTICOS, NIN EN GALEGO, NIN TAMPOUCO EN CASTELÁN.

O EFECTO DA SOCIALIZACIÓN (I):

- ✓ A FAMILIAR SERÁ DETERMINANTE A LONGO PRAZO SÓ NA MEDIDA QUE O MEDIO SOCIAL A REFORCE.
- ✓ A SEGUNDA XERACIÓN ASCENDENTE APARECE CUN PAPEL CHAVE NOS PROCESOS DE “REPOSCIÓN” AO GALEGO.
- ✓ A ESCOLAR FORMAL ACHEGA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA, ARGUMENTOS A PROL DA NORMALIZACIÓN E PRESERVACIÓN DO GALEGO, PERO TEN TAMÉN EFECTOS CONTRAPRODUCENTES.

O EFECTO DA SOCIALIZACIÓN (II):

- ✓ A ESCOLAR INFORMAL FAI PARTE DA SECUNDARIA HORIZONTAL.
- ✓ A SECUNDARIA HORIZONTAL É A MÁIS DECISIVA EN VIRTUDE DA IMPORTANCIA DO RECOÑECIMENTO E DA INCLUSIÓN NA MOCIDADE. NELA PROXÉCTANSE AS EXPECTATIVAS VITAIS COMPARTIDAS.
- ✓ A SECUNDARIA VERTICAL, PODE INCIDIR EN CAMBIOS DE LINGUA E REXISTRO, CIRCUNSTACIAIS E DE ADAPTACIÓN, MAIS POUCO EN COMPORTAMENTOS DE FONDO E ACTITUDES.

A LINGUA COMO FACTOR DE IDENTIDADE (I):

- ✓ A LINGUA É SENTIDA COMO FACTOR DE IDENTIDADE DE XEITO MÁIS OU MENOS CONSCIENTE.
- ✓ PORQUE A REALIDADE DO COMPORTAMENTO LINGÜÍSTICO DA MOCIDADE GALEGA É, DE SEU, SENTIDA, INDUCIDA OU ESPONTANEAMENTE, POLA PROPIA MOCIDADE COMO EXPRESIÓN DUN CONFLITO.
- ✓ NA MEDIDA QUE A LINGUA É PERCIBIDA COMO UN FACTOR DE IDENTIDADE POR CONTRAPOSICIÓN MÁIS OU MENOS CONSCIENTE.

A LINGUA COMO FACTOR DE IDENTIDADE (II): NO MUNDO RURAL, ESPONTANEAMENTE, EN DÚAS VARIANTES:

✓ MASCULINA:

- O propio galego percíbese como “ghallegho” ou “castrapo”.
- Reivindícase como sinal de identidade rural nunha contraposición co castelán, mais tamén co galego standard.
- A reivindicación semella agachar unha frustración de expectativas asociada a factores socio-económicos e socio-culturais alén da lingua, e exprésase simbolicamente como conflito ao manifestar aquela percepción.

✓ CABE FALAR ASÍ DE “FALANTES RESISTENTES CO GALEGO”.

✓ MONOLINGÜES ESPONTÁNEOS EN GALEGO, PLENA E EXCLUSIVAMENTE INMERSOS NUN MEDIO GALEGOFALANTE.

A LINGUA COMO FACTOR DE IDENTIDADE (III):

✓ FEMININA:

- Incidindo unha maior formación e unha actitude máis cosmopolita.
- O propio galego percíbese como rexistro popular dunha lingua que posúe outros.
- A frustración de expectativas, asociada a factores socio-económicos e socio-culturais, non se expresa en conflito, senón en:
 - Sentimento de perda.
 - Vontade de continuidade.
 - Virtualidade de adaptación.

✓ CABE FALAR ASÍ DE “*FALANTES RESISTENTES EN GALEGO*”.

✓ MONOLINGÜES ESPONTÁNEAS EN GALEGO, PLENA E EXCLUSIVAMENTE INMERSAS NUN MEDIO GALEGOFALANTE.

A LINGUA COMO FACTOR DE IDENTIDADE (IV): NO MUNDO VILEGO E URBANO ESPONTANEAMENTE :

- ✓ TRATÁNDOSE DE “*NORMALIZADORES/AS MILITANTES DO GALEGO*”:
 - Mozos principalmente.
 - Con transversalidade social e xeográfica no seu medio de relacións, sendo este bilingüe.
 - Principalmente cunha socialización primaria bilingüe, pero tamén falantes recuperados desde o monolingüismo en castelán ou bilingüismo con ese predominio.
- ✓ EXPRESAN UNHA FRUSTRACIÓN EN CLAVE ÉTICA E IDEOLÓXICA, NON VITAL.
- ✓ MANIFESTAN VONTADE DE TRANSMISIÓN Á XERACIÓN SEGUINTE.

A LINGUA COMO FACTOR DE IDENTIDADE (V): NO MUNDO VILEGO E URBANO DE XEITO INDUCIDO:

✓ TRATÁNDOSE DE “*BILINGÜES UTILITARIOS/AS*” OU “*OPTIMISTAS*”:

- Mozas e mozos.
- Cun medio familiar e social bilingüe.
- Con transversalidade social e xeográfica no seu medio de relacións, sendo este bilingüe.
- Falantes instrumentais cunha socialización primaria principalmente bilingüe.

✓ QUE REIVINDICAN O GALEGO COMO LINGUA DE RELACIÓN E CULTURA, PRINCIPAL E RESPECTIVAMENTE.

✓ OS/AS UTILITARIOS/AS USAN PREDOMINANTEMENTE O GALEGO; OS/AS OPTIMISTAS O CASTELÁN.

✓ NON EXPRESAN FRUSTRACIÓN.

A LINGUA COMO FACTOR DE IDENTIDADE (VI): NO MUNDO VILEGO E URBANO ESPONTANEAMENTE :

- ✓ TRATÁNDOSE DE “*MONOLINGÜES TOLERANTES EN CASTELÁN*”:
 - Mozas principalmente.
 - Cun medio familiar e principal, que non exclusivamente, monolingüe en castelán.
 - Con transversalidade social e xeográfica no seu medio de relacións, sendo este bilingüe.
 - Falantes instrumentais cunha socialización primaria principalmente bilingüe e aínda monolingüe en galego.

- ✓ QUE RECOÑECEN O GALEGO COMO LINGUA DE CULTURA.

- ✓ NON EXPRESAN FRUSTRACIÓN.

A LINGUA COMO FACTOR DE IDENTIDADE (VII): NO MUNDO VILEGO ESPONTANEAMENTE :

- ✓ TRATÁNDOSE DE “*MONOLINGÜES INTOLERANTES EN CASTELÁN*”:
 - Mozas principalmente, sendo o perfil máis anecdótico.
 - Cun medio familiar e principal, que non exclusivamente, bilingüe de predominio castelán.
 - Con transversalidade social e xeográfica no seu medio de relacións, sendo este bilingüe.

- ✓ O REXEITO AO GALEGO XUSTIFÍCASE POLA CONDICIÓN DESTE COMO LINGUA DE CULTURA, COAS ESIXENCIAS QUE ISO IMPLICA PARA A SÚA APRENDIZAXE, PERO APOSTÍLASE COA INUTILIDADE SUPOSTA DO GALEGO NO MUNDO CONTEMPORÁNEO.

A LINGUA COMO FACTOR DE IDENTIDADE (VIII): NO MUNDO VILEGO ESPONTANEAMENTE :

- ✓ TRATÁNDOSE DE “*MONOLINGÜES INTOLERANTES EN CASTELÁN*”...
- ✓ O REXEITO EXPRÉSASE DELIBERADAMENTE FRONTE Á LINGUA COMO ABSTRACTO E NON FRONTE AOS/ÁS FALANTES.
- ✓ O REXEITO É EXPRESIÓN TRANSFERIDA DUNHA FRUSTRACIÓN DE EXPECTATIVAS.

A LINGUA COMO FACTOR DE IDENTIDADE (IX):

- ✓ DE XEITO BASTANTE TÓPICO OS PERFÍS SINTÉTICOS MENCIONADOS CORRESPONDEN CUNHA GRADACIÓN PROGRESIVA DESDE A RURALIDADE, A SOCIALIZACIÓN PRIMARIA E O AMBIENTE DE CONVIVENCIA EN GALEGO E A EXTRACCIÓN SOCIAL MODESTA DE CARA A O MUNDO URBANO, A SOCIALIZACIÓN E O AMBIENTE DE CONVIVENCIA EN CASTELÁN E UNHA ORIXE EN GRUPOS SOCIAIS ECONOMICAMENTE ACOMODADOS.

- ✓ O A SECUENCIA DE PERFÍS TÍPICOS NESA GRADACIÓN É, NUNHA SIMPLIFICACIÓN:
 - *Resistentes co galego - en galego.*
 - *Bilingües utilitarios/as.*
 - *Bilingües optimistas.*
 - *Normalizadores/as militantes do galego.*
 - *Monolingües intolerantes en castelán.*
 - *Monolingües tolerantes en castelán.*

XVIII ENCONTROS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

Nas bocas do futuro: mocidade e lingua

O COMPORTAMENTO LINGÜÍSTICO DA MOCIDADE DE GALICIA;
APROXIMACIÓN CUALITATIVA: GRUPOS

Un apuntamento dos principais resultados.

